



A arte atlántica unese en Vigo

03

A banda deseñada galega busca o seu espazo promocional na rede

04

Onde se agocha o francotirador de Víctor Ulla?

ConfesoNario 06

Déborah Vukusic, a poetriz que quería posuír a infinitude da realidade

Kolectivo 07

Franc3s, un trío irreverente que nos presenta as súas 'atrocidades'

ArteIlando 08

Iván R. agasalla aos lectores de KALAIKIA cunha ilustración inédita

bitákora dez

Vigo_Pontevedra

Representación de *Shakespeare para ignorantes*, a cargo de Producións Teatrais Excéntricas
23 de xaneiro ás 20:30 horas.
Centro Cultural Caixanova.



Foz_Lugo

Representación de teatro infantil *Paxaro de lume*, a cargo da compañía Viravolta Titeres.
21 de xaneiro ás 17:00 e ás 20:00 horas.
Sala Bahía.

Ourense

Exposición *Edicións de 'A Esmorga' e do manuscrito orixinal dentro do ciclo O universo de Eduardo Blanco Amor: 50 anos despois d'A Esmorga*.
Ata o 25 de febreiro.



A Coruña

Representación do espectáculo teatral *E ti quen vés sendo?*, a cargo da compañía Talía Teatro.
30 de xaneiro ás 20:30 horas.
Teatro Rosalía de Castro.

Ferrol_A Coruña

Representación de *A luz...*, a cargo da Compañía Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga
17 de xaneiro ás 19:00 horas.
Teatro Jofre.



Compostela_A Coruña

Espectáculo de jazz a cargo de Aló Django.
26 de xaneiro ás 22:30 horas.
Casa das Crechas.

Lugo

X Mostra de Teatro Clásico de Lugo
Do 31 de xaneiro ao 7 de febreiro ás 20:30 horas (consultar programación)
Auditorio Municipal Gustavo Freire.



Monforte de Lemos_Lugo

Concerto de rock de Moon Cresta
16 de xaneiro ás 00:00 horas
El Otro Caimán.

Pontevedra

Exposición *Ex profeso 1*.
Ata o 29 de xaneiro.
Sala X (Facultade de Belas Artes).



Vilagarcía_Pontevedra

Concerto de rock a cargo de de Holywater.
5 de febreiro ás 23:30 horas.
Sama Sama.

Escaparate



Pablo Díaz_Tic-tac_Kalandraka

Tic Tac é o novo *libro-disco* de Kalandraka, escrito, gravado e interpretado por Pablo Díaz, con ilustracións de Marc Taeger e coas colaboracións musicais de Xabier Díaz, Guadi Galego, Carmen Rey, Ruote, Brais Maceiras e unha longa lista de colaboradores musicais. Conta tamén coas achegas de Santiago Auserón e de Xurxo Souto no prólogo e no epílogo, respectivamente.

As 16 cancións do disco abordan temas próximos aos máis novos, como a natureza, o mar, os animais ou o fogar, proporcionándolles vocabulario e fórmulas de expresión a través da música. Un libro-disco para ver, escoitar e cantar, tanto en familia como na escola, que se complementa cunhas espectaculares ilustracións elaboradas coa laboriosa técnica do linogravado a cargo do deseñador suízo afincado en Bueu, Marc Taeger.



Cid Cabido_Unha historia que non vou contar_Xerais

Con *Unha historia que non vou contar*, Cid Cabido retorna á actualidade cunha novela que cuestiona os moldes da propia ficción. Dinamitando os cimentos da novela e partindo dun estilo depurado e persoal, esta nova obra conforma unha novidosa e intrigante narración protagonizada por un escritor que habita un apartamento en plena Porta do Sol viguesa. A partir dun suceso real que conmocionou o Vigo dos anos 70, a novela arrastra ao lector por unhas páxinas ateigadas de intriga, humor, orixinalidade e de constantes referencias cinematográficas que conforman o particular universo literario de Cid Cabido, para enfrontalo ás miserias e contradicións da sociedade viguesa dos últimos estertores do franquismo, botando man dos recursos narrativos propios da non ficción.



Ovay_Quique Peón_Danza

Incluimos a referencia a *Ovay* no apartado adicado ao audiovisual do noso Escaparate pero, en xustiza, podería entrar en calquera dos tres. Porque da man de Falcatruada, responsable da súa edición, chega a nós este espectáculo nun elegante formato que inclúe un *DVD-book* e máis un *CD* coa súa banda sonora.

Preséntase ao mundo como o primeiro "solo" de danza galega esta iniciativa que chega da man da compañía argallada por Quique Peón, con música de Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde. Na procura dun equilibrio maduro entre a innovación e a tradición, e xogando con conceptos universais e atemporais encrucillados, o espectáculo mistura baile, canto, teatro e música ao vivo durante 50 intensos minutos. Os discos recollen a gravación realizada en directo no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña en outubro de 2009.

A banda desenhada mais de preto

ramón_couñago

O mundo da banda desenhada está agora máis preto que nunca dos seguidores, curiosos ou dos propios autores debido a que a rede informática estase a converter nunha vía común a través da cal os autores promocionan eles mesmos as súas obras e os seus traballos.

De feito, no caso de autores que publican para o estranxeiro, como poden ser Emma Ríos co seu blog steinerfrommars.blogspot.com, Alex Cal en alex-cal-oliveira.blogspot.com ou David Rubín que nos informa en detripas.blogspot.com, recibimos información en primicia dos seus traballos case ao momento no que os están a preparar e incluso nas fases máis primarias da creación podendo así, por exemplo, seguir a evolución estética dos personaxes ou dos escenarios.

Para os siareiros da banda desenhada este achegamento de primeira man cos autores ten suposto toda un revolución, pois a través dos seus blogs, establecen unha canle directa de comunicación cos seguidores que poden deixar comentarios neste espazo, que van a ser atendidos polo propio debuxante e por outros forofos, enriquecendo aínda máis o fluxo de información.

Ademais este novo soporte permítenos coñecer anticipadamente páxinas totalmente rematadas de álbums que só vamos a poder mercar no noso mercado meses máis tarde, xa que, no caso dos autores internacionais, as edicións locais realízanse con meses de retardo respecto dos publicados nos países das editoriais que contratan a obra como poden ser *Marvel*, *DC* ou *Boom Studios* no caso americano ou *Les Humanoïdes Associés*, *Paquet* ou *Dargaud* no caso europeo, por motivos como a tradución, rotulación e distribución.

Existe iniciativas curiosas que incluso permiten aos afeccionados compartir debuxos cos profesionais dese mundo como o que levan a cabo no blog kmehouse.blogspot.com onde a través das 'war' ('guerra' en inglés), propoñen unha temática sobre a que calquera navegante pode enviar a súa versión ilustrada sobre a mesma e colgala a través dunha etiqueta preestablecida no blog propio que despois será incrustada como entrada neste blog común. Os lectores do blog son os que, unha vez rematado o prazo de presentación de aportacións, votan pola súa obra favorita. O gañador desta votación será o encargado de dicir a temática da próxima convocatoria.

Tal é a importancia que está a adquirir a plataforma informática que, por exemplo, Kiko Da Silva, acaba de crear un blog para promocionar o seu novo álbum que non verá a luz ata finais deste ano para ir así conseguindo o seguimento do seu público obxectivo.

de tripas corazón
(el cuaderno español de david rubín)

MIÉRCOLES 25 DE NOVIEMBRE DE 2009

El que avisa no es traidor!!

Rápidamente, aviso que este fin de semana, Sábado 28 y Domingo 29 de Noviembre, Palagáizte tendrá stand en **ACHEGARTE**, en el recinto de Palexco, en A Coruña.

Pinchad **AQUÍ** para más información sobre **ACHEGARTE**.

Durante esos dos días, **solo en el stand de Palagáizte**, estará a la venta de nuevo la lámina que saqué para **Vilelas**, firmada y numerada. Así que quién todavía no se haya hecho con una tiene una nueva oportunidad.

EL QUE VISTE Y CALZA:
DAVID RUBÍN
VER TODO MI PERFIL

PÁGINAS DEL CUADERNO:
▼ 2009 (51)
► diciembre (2)
▼ noviembre (4)
El que avisa no es traidor!! + Spidey Spideyman Man without fear!!
► octubre (4)
► septiembre (2)
► agosto (5)
► julio (5)
► mayo (3)
► abril (4)
► marzo (8)
► febrero (5)
► enero (8)
► 2008 (57)
► 2007 (128)
► 2006 (11)

Por el momento estas láminas aún no se han distribuido, y aún no sé cuándo lo haré, así que está en un buen momento, en este fin de semana.

ANEXOS AL CUADERNO

AL OTRO LADO DEL MURO

DOMINGO 18 DE ENERO DE 2010

ESFERAS DE PIEDRA (Costa Rica)

GUARDIÁN DEL MURO
KIKO DA SILVA
VER TODO MI PERFIL

DESCUBRE QUE HAY AL OTRO LADO DEL MURO

ESFERAS DE PIEDRA DE COSTA RICA

Pincha en la imagen a partir del 20 de diciembre de 2009

CUADERNO DE BITÁCORA
Cuaderno de Bitácora

ENCANTARON EL MURO
MISTERY

VISITANTES
Seguir

En la década de los cuarenta, al iniciar la labor bananera en el delta del Diquen, en la Zona Sur de Costa Rica, la United Fruit Company sacó a la luz, producto de sus trabajos de limpieza del bosque, fabulosas esferas de piedra de diversos tamaños y pesos, cuya forma resultaba impresionantemente exacta. Son de tamaño variable. Las más pequeñas tienen sólo unos pocos centímetros de diámetro y las esferas más grandes llegan a tener un diámetro superior a los dos metros, llegando a pesar estas últimas hasta 16 toneladas.

Las antiguas leyendas decían que en su interior se escondían piedras preciosas y oro, siendo esto el final de muchas de las piedras debido a que mucha gente se dedicó a buscarlas y destruirlas, no hallando ningún tesoro en su interior.

Víctor Ulla e a xeometría do visible

VÍCTOR ULLA

Licenciado en Belas Artes pola Facultade de Pontevedra na especialidade *Pintura e Audiovisuais*. Ten realizado exposicións individuais e colectivas en Compostela, A Coruña, Pontevedra, Vigo, Madrid, Barcelona...

Premios e concursos:

2004. Beca *Talens* a xoves artistas. Pintura. **2004.** Selección *Novos Valores* Pontevedra. Fotografía. **2004.** Selección convocatoria *Comarcas do Sar*. Pintura. **2005.** Exposición e doazón de obra a UNICEF. A Coruña. Cerámica. **2006.** Premiado *Novos Valores* Pontevedra. Fotografía. **2008.** Selección *Novos Valores*. Auditorio de Galicia.

ana_gonzález_chouciño

Como se pinta algo que está pero non se ve? Un francotirador apostada na fiestra dun hotel serve a Víctor Ulla (Santiago de Compostela, 1979) para plantexarse este eterno dilema. A confusión entre o real e o inventado, entre o que vemos e o que cremos ter visto. Como na fotografía de *Blow Up*, dubidamos da nosa percepción porque só nos amosa unha parte da nosa realidade, aquela que a pintura decidiu representar a través da súa historia omitindo o resto da existencia que escapa á nosa mirada.

Mr. Neville, na película *The Draughtsman's Contract* (*O contrato do debuxante*) de Peter Greenaway, é contratado para facer unha serie de debuxos nos que pretende pintar "o que vemos e non o que coñecemos". Sérvese dun atril cuadrulado e dun visor que lle permite copiar o que el chama "a verdade", aínda que esta verdade é tan relativa coma os nosos sentidos. Ao igual que os vellos maestros do Renacemento e do Barroco co uso de lentes e cámaras obscuras, ou Mr. Neville copiando obsesivamente cada detalle do que ve, Víctor Ulla refai con insistencia esta obra porque quere representar a este francotirador que observa o seu obxectivo sen poder ser visto. Debuxo camuflado tras unha fiestra, no tellado, tras a enorme "H" de "Hotel", pero arrepiñese e faino desaparecer porque, simplemente, non existe ante a nosa vista. Seguindo o modelo de representación vixente na nosa pintura durante séculos, esta imaxe é imposible.

E o hotel como xeneralidade que debe adaptarse a cada caso concreto. O prototipo, o modelo tan ideal como falso porque a imaxe primixenia é utópica. Os hoteis están creados para o turista medio, pero cada persoa que chegue ten que acondicionalo para as súas propias necesidades, habitalo para facelo seu, ao igual que a pintura nos axuda a apropiarnos dunha realidade ás veces demasiado allea.





Vista xeral da montaxe da feira.



José Bechara, artista brasileiro, preparando a peza "Gelosia" no Espaço Atlántico.

Arte contemporánea sobre a brisa atlántica

m. fernández

2010 é un ano de cambio e renovación na feira de arte de Vigo, *Espacio Atlántico*, que agora se presenta con numerosas novidades entre as que cómpre destacar a creación da *Colección Espacio Atlántico*, integrada con obras adquiridas na feira que se está a celebrar en Vigo entre o 14 e o 17 de xaneiro no IFEVI, e que será depositada no Museo de Arte Contemporánea (MARCO) da cidade.

A intención é que esta colección se consolide e se incremente en futuras edicións asumindo, deste xeito, unha dobre función: incrementar o noso patrimonio e ensinar a importancia e rendibilidade social que ten apostar polo contemporáneo. Serán artistas con proxección internacional, sen establecer previamente anotacións xeográficas nin conceptuais. Nesta cuarta edición, a feira dá deste xeito un cambio radical para se converter nunha das principais referencias do noroeste pe-

ninsular neste sector.

Un total de 52 expositores no Programa Xeral, integrado por galerías procedentes de España e Portugal, e 12 *projects*, nos que se presentan os traballos de artistas individuais procedentes de distintas nacionalidades, daránlle forma a unha feira renovada e cunha vocación máis internacional. Portugal terá este ano unha presenza destacada con 15 expositores entre os que atopamos importantes galerías como Filomena Soares, Mário Sequeira, Fernando Santos, Graça Brandão, Pedro Cera, Presença, Quadrado Azul, 111, Carlos Carvalho, Módulo ou Pedro Oliveira. Das restantes 37 españoas cómpre salientar que a metade (un total de 18), son galegas grazas ao acordo de colaboración asinado coa Asociación Galega de Galerías de Arte, que facilitará a presenza de Adhoc, Trinta, SCQ, Mari-sa Marimón, Babelos ou Factoría Compostela, entre outras. Un verdadeiro punto de inflexión para o mercado da arte no país.

O artista Leopoldo Nóvoa, nacido en Salcedo (Pontevedra, 1919) recibirá unha merecida homenaxe nesta edición, para o que se habilitará un espazo no que se exhibirá a súa obra, e tamén unha mesa redonda arredor da súa figura.

Ademais, Espacio Atlántico colabora coa Fundación IgualArte, de Vigo, que promove o desenvolvemento individual de persoas con minusvalías, a través da arte. Trátase dunha importante institución benéfica que nace no ano 2002, co obxectivo de promover a arte como un dereito universal, que ofrece un espazo activo e integrador destinado a fomentar a creatividade.

Espacio Atlántico implícase con este proxecto doando un 15% da recadación procedente da venda de entradas, como unha das iniciativas en pro da sostibilidade. Outras son a priorización no emprego de papeis con certificación FSC (procedente de bosques xestionados de forma responsable), ou a minimización do material imprimido, entre outras.

Confesionario

Déborah Vukusic / POR MANRIQUE FERNÁNDEZ

Déborah Vukusic é metade galega e metade corata, metade poetisa e metade actriz teatral.

Licenciada en Filoloxía Hispánica e Arte Dramático, dirixiu a revista de investigación filolóxica Barataria durante dous anos. Ten publicados varios libros de poesía entre os que destacan "Guerra de identidade" e "Perversiones y ternuras", e participou en antoloxías colectivas "23 Pandoras. Poesía alternativa española" e, como narradora, en "Mujeres cuentistas".

"Eu só intento posuír a realidade, limitar parcialmente a súa infinitude coas palabras máis sinxelas"

-A TÚA POESÍA É CONTRADITORIA: INTIMISTA E POPULAR, SENSIBLE E DURA ATA O DESGARRO, AMOROSA E FORTEMENTE COMBATIVA... ES TI DEUS, O DEMO, OS DOUS XUNTOS...?

-Meu compi de piso canta hoxe unha canción de Sabina: "Dios le paga un sueldo a Satán" e o meu colega X.A. di que son a *femme-enfant*... a nena muller bretoniana, como dicindo que teño un pouco de fatal ou de terrible e moito de xogo. Supoño que é como concibo tanto a escrita como a miña profesión e até a vida e por iso véñeme as contradicións nese intento de querer ser, de apostar e xogalo todo.

-POETISA E ACTRIZ ("ESCRITRIZ", DIS TI), E CON LIBROS DE POEMAS QUE SEMELLAN MONÓLOGOS TEATRAIS. PARA CANDO O SALTO AO TEATRO COMO AUTORA?

-Conscientemente xa fixen algunha proba nun proxecto persoal, unha dramaturxia completando as palabras dun monólogo de Strindberg, teño algunha escena que outra no ordenata e tamén escribo relatos pero o que teña que dicir vaime pedir o seu envase parcial de xénero. Para mín o máis importante é a procura da miña voz e cando escribo penso na lectura, nas pausas, na conversa libre pero sintética e na vivencia (ir)real das palabras e da historia para cada vez que as poña en pé. Gústame bailar entre a poesía e o teatro e creo que a miña búsqueda vai neste sentido, no de disfrutar dese camiñar ao límite, no de estar nese límite tan pouco definido.

-TRADUCES O TEU NOME COMO "ABELLA CON ORELLAS DE LOBO" (OUTRA VEZ A DUALIDADE!). CON CAL DOS DOUS ANIMAIS TE IDENTIFICAS MÁIS?

-Digo que a abella poliniza, que participa

do produto máis doce, que é consciente das xerarquías, que teño alternativamente o seu complexo de obreira, de zángano ou de raíña (segundo me pete ou me dea o día) e que o lobo é un predador do que me fascinan dúas cousas: a súa imaxe recortada nunha noite de lúa chea (imaxe que forma parte do ideario colectivo) e o seu ouvido para comunicarse, marcar o seu territorio ou para amosar a "profunda tristeza da súa especie", que diría o amigo Félix. Os meus pais fixeron de mín un híbrido nominal mais tamén xenético.

-UNHA FRASE TÚA: "EU NON FAGO POESÍA, FAGO LÍMITES". EN QUE QUEDAMOS?

-Sempre digo que non fago poesía, que a mín me aprenderon que iso era cousa dos deuses e dos visionarios e que esa etiqueta é para outros, para os grandes, pero son os lectores os que din que o é (en todo caso eu aceptaría iso de *poesía narrativa*). Pero non fago poesía, fago límites como un xeito de acotar a maxia da realidade. Eu só intento posuír a realidade, limitar parcialmente a súa infinitude coas palabras máis sinxelas que atope. Buaj!

-A PEGADA DA GUERRA DE IUGOSLAVIA NA TÚA POESÍA PARECE BASTANTE EVIDENTE ("POESÍA SALVAXE", "NEORRABIOSA", "GUERRA DE IDENTIDADE + CADERNO DE BATALLAS"...). ESTÁS DE ACORDO CON ESTA APRECIACIÓN? POR QUE?

-Unha conta pendente que ten Europa e forma parte da miña idiosincrasia. Estará sempre aí aínda que teño a esperanza de acadar algún día o acougo, a paz das miñas bestas.

-É PARA REMATAR, UNHA PETICIÓN: DEDICANOS UN OCTOSÍLABO. VAÍ?

-Oito letras ten Kalaikia... :-)



mentiras

andrés_mahía*

OS KRUSTIES

Nas montañas do norte de Georgia viven os Krusties. Hai diferentes representacións deles, as primeiras, en gravados prerromanos. Non son unha invención recente para vender camisetas. Os Krusties son duendes de alta montaña. Son pequenos, teñen ollos de raposo, cola peluda e moi mal xenio. Nacen en outono e morren ao rematar a primavera. So viven sobre a neve e non son amigos dos humanos, aínda que existan centos de historias sobre extraviados e accidentados que foron salvados por Krusties.

En 1953, cando Georgia era parte da Unión Soviética, o goberno rexional de Almed Almayalev decidiu construír unha estación de esquí ó norte da cidade de Lentekhi. Non era mala idea. Apenas cento setenta quilómetros das dachas turísticas de Sochi, á beira

do Mar Negro. O proxecto fracasou. Durante os dous anos que había levar a obra, morreron sete operarios nunha explosión de desmonte e unha extraordinaria tromba de auga assolou a capital da provincia causando máis mortes e cuantiosos danos materiais. As obras deixáronse en suspenso e finalmente, a estación de esquí nunca se chegou a facer.

As autoridades soviéticas non eran moi dadas a razoar as súas decisións sobre as obras públicas. Ao norte de Lentekhi, en cambio, todo o mundo explica que os Krusties non son amigos dos humanos. E que aínda que teñan salvado a moitos, xamais permitiríu unha estación de esquí nas súas montañas.

*Andrés Mahía é guionista



Franc3s ou a exhibición de atrocidades

Como soan Franc3s? Mellor que llo preguntemos a eles: "Franc3s soan coma Mars facendo unha versión de Silver Apples unha noite de treboada nun pub á beira do mar Imbrium onde hai colgadas pinturas de Rauschenberg e DJ King Buzo pincha a The Shaggs sen parar mentres que nunha pantalla poñen a película *The devil and Daniel Johnston* e Man Ray cunha camisola de Suicide saca fotos do público asistente entre o que se atopan The Jesus and Mary Chain tocando cancións de Devo e Chris Marker pedindo licor café a unha camareira travesti que se fai chamar Divine e que leva chapas de Ooioo e de Einstürzenden Neubauten e os atende sen deixar de ler unha biografía breve de Joy Division escrita por William Burroughs e ilustrada por Robert Crumb".

Queda claro? Pois desta maneira tan disparatada e divertida se presentan Alberto (guitarra, voz, "maquinillas de marcianitos" e gong), María (batería, metais, xilófono, aerosol e voz), e Patuki (theremin, teclados, sintetizador, óboe, casiotone e vocoder). Ou o que é o mesmo: Franc3s.

Agora veñen de presentar o seu primeiro EP, *La exhibición de atrocidades*, que está acadando excelentes críticas na



rede. Seis cancións que podes descargar de balde dende a páxina aregueifa.net ou que podes conseguir en soporte físico en tendas seleccionadas (*Discos Noni's* na Coruña e no *Cosmic Pop Club* de Carballo ou mandándolle un email ao grupo á súa dirección franc3ss@hotmail.com).

Cando menos, conseguirás que te sorprenda.

www.myspace.com/franc3sspace
www.franc3s.blogia.com

tiPreguntas



NÓS DÁMOSVOS A RESPOSTA E VÓS
IMAXINADES A PREGUNTA

"Ao fondo á dereita e con ritmo, por favor"

Crucifixión?

ABEL DIZ

Ola, Isto é o Pavillón Municipal de Móstoles? É que son figurante no mitin de Esperanza.

TONY LOMBA

_A cola da entrevista?

ANA PÉREZ CERVIÑO

_Son membro do grupo musical que actúa hoxe eiquí. En que sala tocaremos?

ANGEL GILBERTO PAPIGIL

_É por aquí a entrada ao campo?

PILAR SOUTO SOTO

_Son a das maracas, onde me poño?

RETRANKA CON K

A RESPOSTA PARA O VINDEIRO MES É:

"CLARO QUE SI, PERO LOGO NON ME DIGAS QUE CHE DOE"

ENVÍA A TÚA PREGUNTA PARA A NOSA RESPOSTA A
KALAIKIA@APENEIRA.COM

4:3

jacobo_paz *




PELÍCULAS PARA NO DORMIR, TERROR DOMÉSTICO


As *tmovies*, esas películas para televisión que cando se fan en Estados Unidos se chaman telefilmes, diferéncianse das películas para o cine no orzamento. Teñen que ser historias baratas, con pouca acción e moitos interiores reutilizábeis. As *tmovies* son unha ferramenta de programación e o seu obxectivo é captar audiencia, por iso abordan historias 'de interese social', que é unha forma elegante, un eufemismo, para dicir que queren enganchar diante da pantalla tanto a amas de casa como a emos adolescentes. Isto, na práctica, supón que os temas tratados xorden dunha mestura lisérxica entre a crónica rosa e as páxinas de sucesos.

Por sorte, hai excepcións. *Películas para no dormir* é unha serie de seis *tmovies* de terror, cada unha delas dirixida por un director diferente, que segue a estela de *Historias para no dormir* (1966), un formato mítico para a xeración da UHF que non era máis ca unha españolización do *Alfred Hitchcock presenta* (1956). *La habitación del niño*, de Álex de la Iglesia; *Para entrar a vivir*, de Jaume Balagueró; *La culpa*,

de Narciso Ibáñez Serrador; *Cuento de Navidad*, de Paco Plaza; *Adivina quien soy*, de Enrique Urbizu; e *Regreso a Moira*, de Mateo Gil; son os desiguais títulos desta produción de Filmax que foi emitida por FDF sen lograr o recoñecemento que merece.

*Jacobo Paz é guionista





Iván R. Ilustración dun ilustrador

colores_iglesias_lago

Salóns. Cocinas. Aseos. Son as estancias nas que normalmente se acubillan os solitarios personaxes de Iván R. Protexidos por elas adoitan mostrarse relaxados, ensimesmados en poltronas ou concentrados en verter a auga dunha teteira que sorprendentemente ten o mesmo perfil que a súa dona. Con todo, cando abandonan os seus fogares, o desamparo dunha cidade que se retorcede, que lles invita a apurar o paso sen deixar de ver o reloxo, convértese nunha ameaza.

A languidez e certo aspecto quebradizo define ata aos seus personaxes máis orondos. Esa levedade que lles outorga un trazo delicado aliase cun estilismo que consegue mimetizar persoas e obxectos. Cada obra, ou o que é o mesmo, cada *debuxo-para-ser-gozado*, pregoa unha impúdica combinación de técnicas na que o debuxo en ocasións aparece con contundencia e noutras ocasións tan só esboza eses ámbitos nos que o espectador irrompe.

Pola contra, nas escenas que perden en *vouyerismo* e gañan en concepto, outras técnicas toman protagonismo: debuxo, pintura, fotografía, *collage*... fusiónanse con vectores, mapas de bits e fotogramas.

En tantas ocasións como o papel e o lapis, a tableta e o rato pónse ao servizo de paradoxos ou gags que máis aló do chiste freudiano, reclaman a atención do espectador; aquel ou aquela que insatisfeito cun sorriso, dedica uns minutos a buscar na cotidianidade, entrou no xogo de Iván R. Esa mesma cotidianidade, a individual e privada, a que ultimamente ansia exhibirse (en diarios íntimos, blogs, autobiografías, realities, etc.) nun esforzo inútil por diferenciarse da globalidade, que a engole e rapidamente asimila.

IVÁN R. Nigrán, 1980 traballa como ilustrador dende hai oito anos e abrangue todo tipo de traballos en editoriais, revistas, cine, publi, televisión... Dende deseñador de personaxes a *storyboardista*, de debuxante de contos a colaborador en gráficas de musealizacións este xove nigrán acaba de comezar a estudar Escenografía na ESAD de Galicia pasando así a terceira dimensión.

www.ivanr.net
ivanr-ilustracion.blogspot.com